

A IMAXE DO ANARQUISMO EN ESPAÑA



Durruti

Buenaventura Durruti Dumange foi a expresión da rebeldía e a utopía anarquista, unha testemuña de liberdade e loita. Así foi a súa vida. Naceu, sendo o segundo de 8 irmáns, o 14 de xullo de 1896 en León. Comeza a súa xuventude igual có seu pai, obreiro afiliado á UXT. Como membro da sección ferroviaria, participa con ardor na folga xeral revolucionaria de 1917, impulsada en conxunto coa Confederación Nacional de Traballadores (CNT, anarcosindicalista). Isto custoulle a expulsión da UXT por radical e marchou exiliado a Francia onde se relacionaba cos, tamén exiliados, anarquistas, afiliándose a este partido en xaneiro de 1919 tras a súa chegada a España.

Xunto a Francisco Ascaso forma o grupo Crisol, que na historia foi lembrado como "Os Solidarios". O grupo reunía o máis valioso do proletariado catalán, golpeando a reacción onde máis

doía ata que chegou a ditadura de Primo de Rivera en 1923. Dos Solidarios nunca se resaltou a defensa da CNT na hora tan desesperada, cando miles de militantes caeron. Case todos os Solidarios morreron ou purgaron longas penas, mentres Durruti e Ascaso se refuxiaron en París.

Coa volta de Durruti a Barcelona, o ano 1931 é de efervescente actividade. Intégrase á FAI (Federación Anarquista Ibérica), creada secretamente en xullo de 1927. Cando Durruti e Ascaso non estaban presos, traballaban como mecánicos nunha empresa de Barcelona, e eran vistos como o puño da Revolución Social.

A CNT e a FAI loitaron con coraxe, e derrotaron os alzados de Cataluña, con



Ascaso

Durruti como unha das figuras máis representativas da vitoria popular, pero sofren a dolorosa baixa de Francisco Ascaso. O 24 de xullo, cando o comunismo libertario empezaba a ser unha realidade,

partiron cunha columna cara Aragón coa milicia igualitaria. Alí non deron recuperado a cidade, pero axudaron á transformación social que significou o "establecemento das colectividade agrarias aragonesas". Na súa persoa, Durruti encarnaba o que eran os sentimentos e metas dos traballadores en armas, sendo un peculiar "xefe" cuxo privilexio principal era combater na primeira fila.

Esa vida radiante remataría en novembro de 1936. O día 15 chegou a reforzar a columna de Madrid con 1800 homes; de inmediato van ao máis duro do combate, e o 19 alcanzouno unha bala, cando supostamente transitaba unha área segura. Morreu na madrugada do 20, sendo sepultado 2 días despois no cemiterio de Montjuich, acompañado do duelo máis multitudinario visto na urbe. O principal sospeitoso da súa morte foi



Funeral de Durruti

o PCE (partido comunista español) estalinista, que desataría meses máis tarde unha brutal persecución contra anarquistas e outros radicais, e non só liquidou a Revolución, senón que foi o comezo da fin da propia República á que dicían salvagardar.

Francisco Javier Silvela
Sánchez 1º BAC C